



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
TRES DE FEBREIRO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día tres de febreiro de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16/12/2021).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Cambio de titularidade de licenza.

2.1.- Instancia de Telxius Torres España S. L, para cambio de titularidade (Expdte: número 2021/U020/000012)

Dáse conta da declaración responsable achegada por don Jaime Rodríguez López, en representación de TELXIUS TORRES ESPAÑA, SL, con CIF B87494936, de cambio de titularidade de estación base de telefonía móbil en San Fins de Sales, sobre da referencia catastral 15090B50200446 . Expte.: número 2021/U020/000012.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por TELXIUS TORRES ESPAÑA, SL do cambio de titularidade da licenza mencionada.

3º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

3.1.- Instancia núm. 202199900000649 de Miguel Torres, S.A. (Expdte núm. 2021/U022/000029)

Dáse conta da citada instancia na que don Gabino Grande Toro, en representación de Miguel Torres, S.A, solicita licenza para obras de galpón para usos agrícolas en explotación vitícola en Ribadulla (San Mamede) - Vedra (expediente núm.: 2021/U022/000029), en solo cualificado como “Rústico de especial protección agrícola (R-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Gabino Grande Toro, en calidade de Enxeñeiro Agrónomo e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A507009120000AG.



Dáse conta tamén das autorizacións outorgadas e incorporadas ao expediente:

-Informe sectorial da Consellería do Medio Rural, Ref. : 2021/2570901, no que se conclúe a compatibilidade da actuación no solo rústico se ben se condiciona a que cumpra os requisitos esixidos no artigo 50.1 g) do Decreto 143/ 2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia .

-Acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas, expediente N21-0619, en sentido favorable.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Gabino Grande Toro de data 03/11/2021 e número de visado 20210301.

3º.- Se se dispón rampla de acceso deberá quedar ao mesmo nivel ca vía e deberá colocarse cun tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade. Neste caso, por tratase dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación, adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos corenta euros con noventa e cinco céntimos (#340,95#)

3.2.- Instancia núm. 202199900000686 de Unión Fenosa Distribución, S.A – Gas Naturgy – UFD (Expediente núm. 2021/U022/000034)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana M. Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de liña de baixa tensión subterránea con inicio en paso aéreo a subterráneo (PAS) e final na CPM do solicitante, sendo a canalización total da obra proxectada de 13 metros de lonxitude no lugar de Malfurado – Trobe (San Andrés), (expediente núm.: 2021/U022/000034), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Alejandro Fernández Reza , en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 1.660,78 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Alejandro Fernández Reza e de data 17/11/2021.

Deberáselle dar continuidade á gábea e as obras non deberán interromper o natural discorrer das augas.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

3.3.- Instancia núm. 202199900000699 de don Julio García Torres. (Expediente núm. 2021/U022/000035)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para obras de construción de soportal en vivenda unifamiliar en Eiravedra, 8 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2021/U022/000035), en solo cualificado como Solo urbano tradicional “U-3”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, cun presuposto de execución material de 3.650,00 euros e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 7165803NH4376N.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández de data novembro/2021.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e tres euros (#73,00#).

3.4.- Comunicación previa de obra de don José Montoiro Munín. (Expediente núm. 2022/U026/000002)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Montoiro Munín para rehabilitación de alpendre, de aproximadamente 70 m² en planta, consistente en substitución da tella existente e algunha uralita en mal estado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001200200NH43D, emprazada en Neira de Arriba, 12 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de (#55,21#).

3.5.- Comunicación de obra de dona María Jesús Martínez Canicoba. (Expediente núm. 2022/U026/000003)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Jesús Martínez Canicoba para rehabilitación de vivenda consistente en pintar as fachadas con cor incluída na carta de combinación de cores aprobada pola Xunta de Galicia, nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000100400NH43D, emprazada en Canicoba, 5 – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3.6.- Comunicación de obra de dona Sheila María Nodar Boo. (Expediente número 2020/U026/000063)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Sheila María Nodar Boo do que se tomou coñecemento na Xunta de Goberno Local en sesión de data 17/12/2020, acordándose na mesma sesión a aprobación da liquidación do imposto correspondente.

Dáse conta do escrito achegado pola interesada no que comunica que non se executaron as actuacións contempladas no expediente nin se van executar, polo que solicita a anulación da liquidación do imposto do expediente.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda anular a liquidación provisional do imposto correspondente do expediente 2020/U026/000063 que ascendeu á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3.7.- Comunicación de obra de don Jesús M. Fuentes Villar. (Expediente núm. 2021/U026/000074)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Jesús Manuel Fuentes Villar para reforma de tellado de alpendre consistente en cambiar a tella existente por tella do pais nunha superficie aproximada de 56 m², nos termos da documentación achegada.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 20/01/2022, número expediente 2388/21.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002300500NH43F, emprazada en Lagoa – Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos Núcleos Rurais (N-1) cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e oito euros (#98,00#).

3.8.- Comunicación de obra de dona Ángela Taibo Mera. (Expediente núm. 2021/U026/000091)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Angela Taibo Mera para rehabilitación de edificación auxiliar consistente en colocación de tella sobre uralita existente e construción de peche de 19 metros de largo nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Manuel Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 01/10/2021.

Dáse conta da resolución recaída no expediente IF204A/AC/2021/1204, da AXI, que deberá ser tida en conta polo solicitante, nomeadamente no que se refire ao acceso á AC241.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002201400NH43E0001LX, emprazada en Gatente, 14 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, así coma ao contido das autorizacións sectoriais emitidas.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e nove euros con once céntimos (#79,11#).

3.9. - Comunicación de obra de ACEGA C.E.SA. (Expediente núm. 2021/U026/000115)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Paloma Carla Álvarez de Manuel , en representación de ACEGA C.E.S.A., para instalación fotovoltaica de autoconsumo de 20,02 kWp en Acega-Estacion de peaxe de Ribadulla – Vedra nos termos da documentación técnica achegada asinada por dona Fabian Arroyo Torres en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo en Feal - Ribadulla (San Mamede) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de catrocentos vinte euros con corenta e dous céntimos (#420,42#).

3.10.- Instancia de dona María López Santos. (Expdte. núm. 2021/U018/000010)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ribadulla (Santa Cruz), solicita licenza para parcelamento de finca en Tomonde - Ribadulla (Santa Cruz) en cinco parcelas resultantes nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Manuel Pena Alonso, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola, e de data 17/12/2021.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos núcleos rurais (N-1) e De expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca emprazada no lugar de Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla, nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon á cantidade de euros (#300,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.4 e 2.5, de 551,72 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

4º.- Ratificación Resolucións da Alcaldía.

4.1.- R.A. núm. 762/2021, do 27 de decembro.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



“Dáse conta do expediente 2021/U018/000008 tramitado para regularización das parcelas 1030 e 131 da concentración parcelaria de Vedra, promovido por Leoncio González Espiño e José Suárez Álvarez.

Dáse conta de que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 07/10/2021 acordou a concesión da licenza para a regularización pretendida e nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 01/09/2021.

Dáse conta da instancia número 202199900000675, de data 18/11/2021, achegada polos promotores, na que se solicita a modificación da licenza concedida na Xunta de Goberno Local de data 07/10/2021, nos termos da nova documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso, que logo de modificación vén asinada con data do 17/12/2021.

As parcelas atópase en solo cualificado polo vinte Plan Xeral de Ordenación Municipal como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1).

Dáse conta do informe dos Servizos Técnicos Municipais.

De conformidade co establecido no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar a licenza para agrupamento e posterior parcelamento das fincas descritas, en dúas parcelas resultantes e unha parcela de cesión de terreos, nos termos da documentación técnica modificada asinada polo técnico José Manuel Pena Alonso e de data 17/12/2021.

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.6, de 40,00 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

SEGUNDO.- Notificar o contido desta resolución aos interesados no expediente e dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada Resolución.

4.1.- R.A. núm. 55/2022 , do 27 de xaneiro.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 55/2022, do 27 de xaneiro:

“Vistas as bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios durante o ano 2022 (FOPPSS/2022), aprobadas por Resolución núm. 49711/2021 do Presidente da Deputación Provincial (BOP núm. 244/21, do 24 de decembro).

Visto o extracto da resolución núm. 50132 do Presidente da Deputación Provincial, pola que se aproba a convocatoria do citado programa, publicada pola BDNS (Identif. 603757) (BOP núm. 2/22, do 4 de xaneiro).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dentro da citada convocatoria, e en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar as bases da convocatoria do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2022, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.

SEGUNDO.- Adherirse ao Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2022 de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no seguinte orzamento.

Módulo I: Persoal administrativo grupo C1 ou C2 TAREFAS DE APOIO ADMINISTRATIVO NA TRAMITACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS E PROGRAMAS	18.000,00
Módulo II: Persoal Técnico A2 INTERVENCIÓN TÉCNICA NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR, PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN FAMILIAR	22.000,00
Módulo IV: Persoal auxiliar SAF Libre Concorrenca. SAF LIBRE CONCORRENCA	62.294,52
IMPORTE SOLICITADO	102.294,52

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada Resolución.

5º.- Acordo sobre solicitude de subvencións.

5.1.- Solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (Expediente núm. 2022/A008/000005).

Dáse conta da Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm.- 6/2022, do 11 de xaneiro)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitar unha subvención para a Reforma da escola unitaria de San Fins de Sales.
Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.

5.2.- Solicitude de axuda á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. (Expediente núm. 2022/A008/000006)

Dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos na Rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 9/2022, do 14 de xaneiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Primeiro.- Solicitar unha subvención para adecuación de área recreativa Agronovo (Vedra).
Segundo.- Declarar que o concello dispón dos terreos necesarios para levar a cabo o investimento solicitado.

5.3.- Solicitud de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade. (Expediente núm. 2022/A008/000007)

Dáse conta da Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade, do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o exercicio 2022 (DOG núm. 12/2022, do 19 de xaneiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención.

5.4.- Solicitud de axuda ao Instituto de Estudos do Territorio. (Expediente núm. 2022/A008/000008)

Dáse conta da Resolución do Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2022 (DOG núm. 12/2022, do 19 de xaneiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitar unha axuda para a rehabilitación das fachadas e carpinterías da escola de Ponte Ulla, de acordo co proxecto básico redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Resolución.

5.5.- Solicitud de subvención á Deputación Provincial. (Expediente núm. 2022/A008/000010)

Dáse conta das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de subvencións á concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2022 (BOP núm.14/2022, do 21 de xaneiro).

Dáse conta así mesmo do extracto da convocatoria das citadas subvencións, aprobada por Resolución da Presidencia da Deputación núm. 4352/2022, do 24 de xaneiro (BOP núm. 19/2022, do 28 de xaneiro).

Dentro da citada convocatoria, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención para o mantemento do posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural.

5.6.- Solicitud de axuda á Deputación Provincial (PEL Concellos 2022). (Expediente núm. 2022/A008/000012)

Dáse conta das bases reguladoras do Programa PEL-Concellos 2022 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



liña 1.1 do Plan de Emprego Local, aprobadas pola Presidencia da Deputación Provincial (resolución núm. 2022/2083, de data 14 de xaneiro) (BOP núm. 18/2022, do 27 de xaneiro). A convocatoria da subvención foi aprobada con data 27 de xaneiro por Resolución núm. 2022/5191 da Presidencia da Deputación e publicada no BOP núm. 22/2022, do 2 de febreiro.

Dentro da citada convocatoria, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Adherirse ao Programa PEL – Concellos 2022 mediante a execución das obras e servizos básicos e esenciais municipais da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2022, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidos.

Segundo.- Solicitar unha axuda para a contratación de:

- * 2 albaneis (5 horas/día, durante 4,5 meses)
- * 2 xardineiros/as (5 horas/día, durante 4,5 meses)
- * 1 axudante de recollida de lixo (8 horas/día, durante 3 meses)

5.7.- Solicitud de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade (Aprol Rural 2022). (Expediente núm. 2022/A008/000016)

Dáse conta da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21/2022, do 1 de febreiro).

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras ou servizos denominado *Aprol Rural Vedra 2022 (tratamentos silvícolas e forestais)*.

Segundo.- Solicitarlle á Consellería de Emprego e Igualdade a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo: 2 oficiais forestais, durante 9 meses á xornada completa.

5.8.- Solicitud de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade (Risga). (Expediente núm. 2022/A008/000017)

Dáse conta da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 21/2022, do 1 de febreiro).

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras ou servizos denominado *Brigada Verde – Servizos Varios (Risga 2022)*.

Segundo.- Solicitarlle á Consellería de Emprego e Igualdade a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo: 2 xardineiros/as, durante 9 meses, 6 horas/día).

6º.- Aprobación liquidación achega Transporte Metropolitano de Galicia 2020-2021.

Dáse conta da comunicación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre da liquidación achega 2020-2021 do Transporte Metropolitano de Galicia –ATM Santiago de Compostela:

Gasto estimado achegada para o ano 2020	2.250,17
Gasto real ano 2020	2.002,26
Diferenza gasto real 2020- estimación 2020	-247,91
Estimación Programa tarifas 2021	1.793,75



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



(gasto real 2019* porcentaxe)	
Total achega 2020-2021	1.545,84
Porcentaxe estimado de repercusión da COVID-19	49,95%

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a citada liquidación.

Segundo.- Que se proceda ao ingreso da achega correspondente.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de decembro de 2021:

DECRETO	DATA	ASUNTO
704	01/12/2021	Adxudicando a Montaxes Eléctricos Fernández, S.L a instalación da iluminación de Nadal (Exp. 2021/C002/000016)
705	01/12/2021	Aprobación bases reguladoras da adxudicación dun préstamo a longo prazo para o financiamento da achega municipal no investimento Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III
706	02/12/2022	Designación membros da Comisión Avaliadora das solicitudes de axudas ao ensino e transporte do Concello de Vedra. Curso 2021/2022
707	03/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
708	07/12/2021	Aprobación contratación persoal proceso selectivo para a selección de 2 monitores/as para reforzo do Programa Concilia (Exp. 2021/E001/000001)
709	07/12/2021	Aprobación nóminas paga extra de decembro
710	07/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
711	09/12/2021	Aprobación listaxe cobradora mensualidade decembro – madrugadores
712	09/12/2021	Aprobación listaxe cobradora mensualidade decembro – ludoteca
713	09/12/2021	Aprobación listaxe cobradora mensualidade decembro –EIM
714	09/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
715	09/12/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
716	09/12/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
717	13/12/2021	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda núm. 12 de Vilar –Vilanova
718	13/12/2021	Aprobación addenda ao Convenio con Augas de Galicia para o investimento de Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III
719	13/12/2021	Adxudicación a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U da prestación de servizos relacionados co abastecemento de auga (facturación e outros) (Exp. 2021/C002/000017)
720	14/12/2021	Ampliación intensidade SAF á LBCB
721	14/12/2021	Pago bonos alimentos a supermercado
722	14/12/2021	Alta SAF-Libre concorrencia de MMZ
723	15/12/2022	Aprobación listaxe cobradora actividades deportivas correspondentes ao 1º cuadrimestre tempada 2021-2022
724	15/12/2021	Recoñecemento trienios persoal municipal
725	15/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



726	15/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
727	15/12/2021	Actualización prezos para usuarios/as do SAF –Libre concorrencia
728	15/12/2021	Aprobación listaxe cobradora actividade de inglés, mes de decembro
729	15/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
730	16/12/2021	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade de ludoteca para o curso 2021/2022 á MLS
731	16/12/2021	Alta SAF de BSG
732	16/12/2021	Inicio expediente de xestión de biomasa
733	16/12/2021	Aprobación prórroga ata o 1º trimestre de 2022 de operación de crédito a curto prazo, concertada coa Abanca Corporación Bancaria, S..A
734	17/12/2021	Cambio de titularidade recibo taxa do lixo da vivenda núm. 11 de Argunte –San Mamede de Ribadulla
735	17/12/2021	Suspensión temporal no servizo de EIM curso 2021/2022 de APL
736	17/12/2021	Reactivación servizo na EIM despois da suspensión
737	17/12/2021	Aprobación conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Universidade e a Fegamp en relación cos gastos de limpeza do CPI de Vedra
738	17/12/2021	Adxudicación praza na EIM, curso 2021/2022 a LIC
739	17/12/2021	Adxudicando a Banco Sabadell, S.A préstamo á longo prazo para financiamento achega municipal investimento Saneamento nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III
740	17/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
741	18/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
742	18/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
743	18/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
744	20/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
745	21/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
746	22/12/2021	Desestimación recurso de reposición interposto por Atendo Calidade, S.L contra acordo de imposición de multa coercitiva
747	22/12/2021	Concesión e aprobación achega á Unión Deportiva Val do Ulla pola organización do Trofeo de Fútbol Concello de Vedra 2021
748	22/12/2021	Contratación de José Carlos Zas Villaverde para cubrir permisos do persoal do servizo de recollida de lixo do 27/12/2021 ao 02/02/2022
749	22/12/2021	Equiparación do posto de traballo de monitor/a de ludoteca segundo a RPT (Código 4004)
750	22/12/2021	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, á JSS
751	22/12/2021	Aprobación participación de ERG na Campaña de neve 2022
752	22/12/2021	Aprobación participación de CLF na Campaña de neve 2022
753	22/12/2021	Aprobación nóminas mes de decembro
754	23/12/2021	Aprobación contas xustificativas de subvencións concedidas 2020 e 2021 á Escola de Música de Vedra e concesión dunha subvención directa para a compensación do incremento de gastos de limpeza e desinfección por mor da COVID-19
755	23/12/2021	Concesión e aprobación de achega á Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla para incremento dos gastos de limpeza e desinfección pola COVID-19



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



756	23/12/2021	Concesión e aprobación de achega á Asoc. Cultural San Campio para incremento dos gastos de limpeza e desinfección pola COVID-19
757	23/12/2021	Devolución parte proporcional de ingreso pola taxa de actividades deportivas escolares a E.R.G (curso 20/21)
758	23/12/2021	Devolución parte proporcional de ingreso pola taxa de actividades deportivas escolares a N.A.F (curso 20/21)
759	23/12/2021	Concesión tarxeta de aparcamento para discapacitado
760	26/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
761	26/12/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
762	27/12/2021	Modificación licenza concedida para parcelación de fincas e agrupación de parcelas
763	27/12/2021	Actualización copago servizo de axuda no fogar libre concorrencia para 2022
764	27/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
765	27/12/2021	Autorización acometida e conexión saneamento de vivenda sita en Fontao nº 16 –Vedra
766	27/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
767	28/12/2021	Aprobación conta xustificativa da subvención outorgada á Asoc. De Persoas Xordas de Santiago de Compostela, anualidade 2021
768	28/12/2021	Aprobación conta xustificativa da subvención outorgada ao Clube Olímpico de Vedra, anualidade 2021
769	28/12/2021	Aprobación conta xustificativa da subvención outorgada á Asoc. Sociocultural e deportiva Ribadoulla, anualidade 2021
770	28/12/2021	Concesión de subvención á AA. VV San Pedro, aprobación conta xustificativa e orde de pagamento
771	28/12/2021	Aprobación conta xustificativa da subvención outorgada á Sociedade de Caza Ribadulla -Vedra, anualidade 2021
772	28/12/2021	Aprobación conta xustificativa da subvención outorgada á Escolas Deportivas de Vedra, tempada 2020/2021
773	28/12/2021	Aprobación conta xustificativa da subvención outorgada ao Clube de Montaña Vértice, anualidade 2021
774	28/12/2021	Concesión e aprobación dos premios do I concurso de fotografía 2021 <i>A cultura do Viño 2021</i>
775	28/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
776	28/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
777	28/12/2021	Concesión uso Pavillón á Fundación Heraclés para o adestramento de dous equipos base Obradoiro: Obradoiro – Vedra
778	29/12/2021	Aprobación reintegro IBI 2015-2021 da antiga cámara agraria local
779	29/12/2021	Autorización ao Club Olímpico de Vedra pra a utilización das instalacións sitas debaixo das bancadas do Velódromo
780	29/12/2021	Aprobación solicitude de reintegro á AGACA e Inda Iniciativas, S.L de gasto efectuado polo concello en concepto de alugamento de vehículo do 24-29 en Lucca (Italia) dentro do proxecto europeo Entering the GIC Economy (Erasmus +)
781	29/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
782	29/12/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
783	30/12/2021	Aprobación certificación final e factura pola renovación das instalacións de iluminación pública exterior
784	30/12/2021	Aprobación gasto e transferencia ao Concello de Boqueixón



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		para o funcionamento do Centro de Información á Muller, anualidade 2021
785	30/12/2021	Aprobación modificación de créditos 14/2021
786	30/12/2021	Aprobación facturas incluídas na relación F/2021/18

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1.- Aprobación padrón fiscal SAF 4º trimestre 2021.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 4º trimestre de 2021, cuxo resumo é o seguinte:

	Nº usuarios	Importe (euros)
Usuarios dependentes	62	16.307,16
Libre concorrencia	24	5.262,24

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.